

NON TE PREOCUPES, NON CHEGARÁ LONXE A PÉ

[Gus Van Sant, 2018]

409

ESTREA EN NUMAX: 13.07.2018 | V.O.S.E. | +7

Don't Worry, He Won't Get Far on Foot (2018, 114')

Dirección: Gus Van Sant

Guión: John Callahan, Gus Van Sant (Memorias: John Callahan)

Elenco: Joaquin Phoenix, Rooney Mara, Jonah Hill, Jack Black, Mark Webber, Peter Banifaz, Udo Kier, Nolan Gross, Connor Skific, Karen Nitsch

Son: Felix Andrew

Montaxe: David Marks, Gus Van Sant

Dirección de arte: Carly Sertic

Vestuario: Emily Batson

Fotografía: Christopher Blauvelt

Música: Danny Elfman

Produtoras: Anonymous Content, Iconoclast, Big Indie Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Mi nombre es Harvey Milk, 2008

Last Days, 2005

Elephant, 2003

Gerry, 2002

El indomable Will Hunting, 1997

Mi Idaho privado, 1996

Drugstore Cowboy, 1989

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2018 (Sección oficial)

SINOPSE

No difícil camiño cara á sobriedade logo dun accidente que lle cambiou a vida, John Callahan (Joaquin Phoenix) descobre o poder curativo da arte. Desexando que as súas mans feridas dean vida a deseños divertidos, a miúdo polémicos e que lle traian unha nova oportunidade na vida.

«Unha actuación
absolutamente impresionante
de Joaquin Phoenix»

Gregory Ellwood, THE PLAYLIST



NON TE PREOCUPES, NON CHEGARÁ LONXE A PÉ

[Gus Van Sant, 2018]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“É divertido ofender a xente”

Entrevista con Joaquín Phoenix

Por Stéphanie Belpeche

Coñecía a John Callahan? En absoluto, nunca fun afeccionado á banda deseñada. Ao comezo publicaba só en revistas especializadas e máis tarde nos diarios nacionais. Gustáballe empregar un humor negro e acedo para provocar o público e xerar controversias. Tiña razón nunha frase: é divertido ofender a xente. El ten recibido cartas ofensivas dos seus lectores que o ameazaban con non mercar máis os xornais nos cales publicaba porque se atrevía a abordar temas molestos como o racismo, ridiculizando o Ku Klux Klan, ou a homosexualidade, aínda tabú nos anos setenta. Gozaba con estas reaccións fortes porque o que non podía aturar era a indiferenza. Representaba a liberdade da prensa que denuncia os erros da sociedade. O seu xenio permitiulle ir alén dos seus problemas.

Como foi o proceso de poñerte no seu papel? Dedico sempre moito tempo á preparación dun personaxe. Tiña á miña disposición sete horas da entrevista-río que Gus Van Sant realizou con John Callahan xusto antes da súa morte, ademais da súa autobiografía. Fiquei un tempo no centro de rehabilitación no que el estivo, falei cos pacientes e os médicos, observei o seu cotián. Cada

desprazamento semella insuperábel cando es tetraplético. Como trasladarse da cama á cadeira de rodas? Como abrimos a porta cando as mans non responden? Quería restituír cada xesto da maneira máis natural posíbel e estiven ben acompañado e animado. Quería facer as cousas ben. Logo do seu accidente, John viuse obrigado a reaprender.

O personaxe era particularmente difícil, pedíame máis concentración e enerxía. Houbo bágoas pero tamén moitos risos no plató. Porque Gus Van Sant endexamais se apiada del nin esaxera as situacións. Mesmo se pensamos que o período de transición no que John se atopa no hospital debeu ser chocante e incrivelmente doloroso. Daquela el aprendeu a domesticar o seu novo corpo. Foille moi difícil saír da espiral autodestrutiva e conseguir perdoarse a si mesmo.

Como fai para escoller os filmes nos que traballa? Cando leo o guión, fíome daquilo que sinto. As palabras tócanme profundamente. Dedicolle tempo a analizadas. Nunca tomo unha decisión precipitada. Neste caso tocouse a determinación de John Callahan. Penso que o accidente favoreceu a súa capacidade para o debuxo e que se as cousas non tivesen sucedido desa maneira de certo que tería atopado outro medio de expresar a súa creatividade e amolar os seus contemporáneos. Tiña total confianza en Gus Van Sant, do que me sinto moi próximo. Hai algúns anos cando eu estaba en Nova York viviamos no mesmo edificio! El alugaba

un apartamento que eu merquei máis arde e estaba instalado catro andares por riba do meu, se non lembro mal. Gus non adoitaba andar por alí por causa do seu traballo pero sempre mantivemos o contacto.

Que opina da súa colaboración con Rooney Mara? É unha das mellores actrices que coñezo. Unha muller honesta, que non tenta impresionar a ninguén. Ela pasa as noites a debullar os guiños, consagrada á súa paixón. Aprendo moito ao pé dela. Unha fermosa persoa.

Encarnar a Xesús en María Magdalena [Garth Davis, 2018] non te intimidou?

Evidentemente cando aceptei participar no filme púxome nervioso interpretar unha icona. Mais que fose Xesucristo, John Callahan ou Johnny Cash — curiosamente os tres teñen as mesmas iniciais, J.C. — non é relevante, o que conta é a miña comprensión do personaxe e a maneira de afrontalo. Xesús era tamén un individuo coa sensibilidade moi desenvolvida que experimentou unha empatía incribel polos seus semellantes. Estaba conectado a algo máis grande pero seguía sendo un ser humano e era importante para min identificalo como tal. Sen iso, a crucifixión non significa nada.

Publicado en www.lejdd.fr
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El bosque de los sueños, Gus Van Sant
A Contracorriente [DVD]

El indomable Will Hunting, Gus Van Sant
Studiocanal [DVD]

Last Days, Gus Van Sant. MK2 [DVD]

Mala noche, Gus Van Sant. MK2 [DVD]

Mi Idaho privado, Gus Van Sant
Warner Bros [DVD]

Paranoid Park, Gus Van Sant. Avalon [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
agora e ven
sempre por**

4€

**Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo**

**Faite
NUMAX!**